

AS NUBES de Aristófanes

1) Aristófanes e o seu tempo

1.1 Quen era Aristófanes?

Da vida de Aristófanes sabemos moi poucas cousas:

- Naceu no *demo* ateniense de Cidateneo entre os anos 450 - 440 a.C. O seu pai chamábase Filipo. O seu nome sería Aristófanes de Cidateneo, fillo de Filipo.
- Tivo a súa residencia fixa en Atenas, aínda que pode ser que pasase a súa infancia no campo.
- Parece ser que tivo tres fillos: Áraros, Filipo e Filetero ou Nicóstrato.
- Debeu morrer en torno ao 388 a.C.

1.2 As súas obras

Conservamos once obras das aproximadamente corenta e catro que escribiu:

- *Os Acarnienses*: un labrego da Ática, Diceópolis, incapaz de impoñerse na ἐκκλησία, firma pola súa conta un tratado de paz cos espartanos.
- *Os Cabaleiros*: é unha crítica a Cleón, estratega ateniense partidario de manter a guerra contra os espartanos. Na imaxinación de Aristófanes, Cleón é substituído no seu cargo por un vendedor de salchichas.
- **As Nubes**
- *As Tesmoforias*: nesta obra faise unha sátira do poeta trágico Eurípides, que tiña fama de misóxino.
- *A Asamblea de mulleres*: as mulleres reúnense na ἐκκλησία e deciden o reparto de riquezas e a igualdade social.
- *As avespas*: novo ataque contra Cleón e contra o sistema de tribunais populares de Atenas.
- *A paz*: un cabaleiro sube ao Olimpo subido nun coleóptero xigante para rescatar a Paz, a quen o deus Pólemos ten alí pechada nunha cova.
- *As aves*: dous atenienses deciden formar unha cidade no aire para fuxir dos impostos e dos pleitos.
- *Lisístrata*: para obligar aos seus maridos a firmar a paz, as mulleres atenienses e espartanas inician unha folga sexual.
- *As ras*: Dioniso descende ao Hades para rescatar a un dos tres poetas trágicos, que terá como misión salvar a Atenas. Prodúcese un debate entre Eurípides e Esquilo para saber cál dos dous regresará ao mundo dos vivos.
- *Pluto*: a riqueza acude ao santuario de Asclepio para curarse da súa cegueira.

1.3 Como era a Atenas de Aristófanes?

Naceu aproximadamente no tempo en que se construía o Partenón. A súa infancia transcurriu polo tanto no momento de máximo esplendor da democracia ateniense e da Liga de Delos, nos tempos de Pericles.

Pero o imperialismo ateniense é visto con malos ollos por Esparta e no ano 431 comezan as Guerras do Peloponeso. Durante case trinta anos toda a Hélade viuse sacudida polos desastres bélicos; os atenienses sofren de forma especial durante a peste do ano 429,

agravada polo asedio ao que estaban sometidos polos espartanos. Aristófanes desenvolveu a súa obra durante a época das Guerras do Peloponeso. Durante esta época Atenas divídese entre os defensores da paz, como o propio Aristófanes¹, e belicistas como Cleón, do que atopamos moitas referencias nas obras do comediógrafo².

A democracia ateniense baseábase no poder dos cidadáns, que opinaban e decidían sobre todos os asuntos públicos na ἐκκλεσία e nos tribunais de xustiza. O saber falar diante do público pasou a ser considerado como parte esencial da educación³. Proliferan na cidade as escolas de sofistas que ensinaban a arte da oratoria. Os máis famosos foron Gorgias e Protágoras. Como os cidadáns cobraban por formar parte dos tribunais, os preitos multiplicáronse de forma esaxerada⁴.

Con respecto á relixiosidade, a nivel oficial séguese rendendo culto aos deuses olímpicos, sobre todo a Atenea. Non obstante, algúns intelectuais comezan a introducir ideas críticas con respecto á relixión tradicional. Anaxágoras, por exemplo, foi expulsado de Atenas por defender que a lúa era unha roca, e non unha deusa; Díoxenes de Apolonia dicía que o aire quente era o principio (ἀρχή) que movía todos os seres vivos. Tamén hai unha gran difusión dos cultos místéricos, reservados aos iniciados; hai unha parodia dos seus ritos no primeiro encontro entre Estrepsiades e Sócrates.

2) O teatro en Atenas

2.1 Festivais e concursos

En Atenas, as representacións dramáticas só teñen lugar tres veces ao ano, con ocasión dos festivais dedicados ao deus Dioniso:

- As Grandes Dionisiacas ou Dionisiacas Urbanas, na primavera. Duraban seis días, e as representacións ofrecíanse durante os tres últimos. Durante as Grandes Dionisiacas do ano 423 a.C. Aristófanes estreou *As Nubes*.
- As Leneas, que se celebraban no inverno e que tiñan un carácter máis local e menos multitudinario cas anteriores.
- As Dionisiacas Rurais, en decembro. Non había estreos teatrais, só reposicións.

Ao obras eran organizadas polo Estado. Un *Corega* e o propio Estado corrían cos gastos tanto da escenografía como dos actores e do coro, escollidos todos eles entre os cidadáns. Tanto traxedias como comedias optaban a premios que concedía o público⁵. O premio consistía nunha coroa de hedra.

¹ ESTR.: Mueras tú, guerra, por muchos motivos, como, por ejemplo, que no pueda yo castigar a mis criados. (*Neph.* vv. 6-7)

² COR.: Cuando elegisteis estratego a Cleón el curtidor, ese enemigo de los dioses, enarcamos las cejas y obramos portentos, y a través del rayo estalló el trueno, la luna abandonó los caminos y el sol se guardó inmediatamente su mecha dentro de sí y dijo que no luciría para vosotros si elegíais a Cleón. Pero aún así lo elegisteis... (*Neph.* vv. 581-586)


³ ESTR.: Señoras, lo que os pido es apenas nada: ser hablando el mejor de los helenos con cien estadios de diferencia. (*Neph.* vv. 429-430)

⁴ DISC.: Ante ti tienes desplegada toda la tierra. Ves? Esto es Atenas. ESTR.: Que dices? Yo no lo creo, pues no veo tribunales en sesión. (*Neph.* vv. 206-208)

⁵ COR.: Ojalá lograra la victoria en el certamen y la reputación de sabio; porque yo os tenía por un público enterado y a ésta por la más inteligente de mis comedias, que me había hecho trabajar mucho, decidí dároslo a probar a vosotros antes que a nadie y me vi derrotado sin merecerlo por unos rivales vulgares.

2.2 O edificio

Na época de Aristófanes aínda non se construíran os enormes teatros de pedra que hoxe en día podemos admirar. No seu tempo facíanse estruturas de madeira aproveitando a oquedade dalgún outeiro. O teatro de Dioniso en Atenas estaba situado na aba da Acrópole.



3) A Comedia Antiga

3.1 Orixes da Comedia

No ano 486 a.C. representouse por primeira vez unha comedia nas Grandes Dionisiacas. A súa orixe hai que buscala nunha especie de antroido que organizaban os mozos. Disfrazábanse e percorrían as rúas entoando cantos en honor de Dioniso. Estes cantos tiñan un carácter burlesco e mesmo grosero.

3.2 Características da Comedia Antiga

- Está relacionada coa vida cotiá.
- Plantexa un problema real, de carácter político ou filosófico, pero a solución que propón é ridícula e disparatada.
- Mestura diálogos satíricos e groseros con momentos líricos de gran beleza.
- O "heroe" é o contrario do da traxedia. É un personaxe popular, cuns rasgos básicos facilmente recoñecibles entre o público.

3.3 Estrutura xeral dunha Comedia

- Prólogo: plantéxase a conflito e preséntase ao protagonista.
- Párodos: entrada do Coro.
- Agón: combate dialéctico relacionado co conflito plantexado.
- Parábase: o Coro diríxese ao público falando moitas veces en nome do autor.
- Episodios: rápidas escenas dialogadas.
- Éxodos: saída do Coro e final da obra.

4) As Nubes

4.1 Estrutura

- Prólogo: Plantexamento do conflito. Estrepsiades preséntase diante de Sócrates porque quere ingresar no Caviladeiro.
- Párodos: Entrada das Nubes e ingreso de Estrepsiades na escola.
- Parábases: O Corifeo faille diversos reproches ao público de Atenas.
- Agón: A Razón Xusta, representante da educación Antiga, rifa coa Razón Inxusta, que defende os novos métodos: aprender a enganar coa palabra. Fidípides ingresa no Caviladeiro.
- Episodios: Hai varios, repartidos ao longo da obra. Os máis característicos son os que escenifican o enfrontamento entre Estrepsiades e os acreedores.
- Exodos: Final da obra.

Éste é o esquema xeral da obra, pero a estrutura das Nubes presenta dúas peculiaridades destacables:

a) Ten dúas parábases.

- Tras o ingreso de Estrepsiades no Caviladeiro (v. 510 e seguintes)
- Despois do agón (v. 1113 e seguintes)

b) Ten dous *agones*.

- Entre ΔΙΚΑΙΟΣ ΛΟΓΟΣ e ΑΔΙΚΟΣ ΛΟΓΟΣ (v. 890 e seguintes)
- Entre Estrepsiades e Fidípides case ao final da obra (v. 1320 e seguintes)

4.2 Personaxes e conflito

ESTREPSÍADES: é o heroe cómico. Un personaxe popular, un agricultor obrigado a alternar coas xentes da cidade⁶. A vida aristocrática do seu fillo e da súa esposa lévano a endebedarse máis da conta. As débedas provocadas pola adquisición de cabalos para o seu fillo desencadean o conflito que moverá toda a obra⁷.

Estrepsiades é pragmático e sencillo. Déixase embaucar polos personaxes do Caviladeiro, aos que considera "mentes superiores", pero ao final da obra descubrirá que a educación que defenden só conduce ao desastre⁸.

FIDÍPIDES: é o fillo de Estrepsiades. É un rapaz despreocupado que só pensa en alternar no círculo social dos cabaleiros da cidade. De aí lle van a súa afición aos cabalos. A afición das clases altas atenienses polos cabalos é real, xa que constituían un símbolo de poder e distinción.

⁶ ESTR.: Yo vivía una agradabilísima vida rústica, entre el fango, sin lavar, tumbado cuando quería, con abejas, ganado y orujo en abundancia; luego me casé con la sobrina de Megacles, hijo de Megacles, yo, un paleta, con una de la ciudad. (*Neph.* vv. 43 - 47)

⁷ ESTR.: Conque ahora, después de cavilar una salida toda la noche, sólo he podido encontrar un camino divinamente dispuesto, por el que, si convengo a éste, podré salvarme.

⁸ ESTR.: ¡Ay de mí por mi extravío! Qué loco estaba cuando eché fuera a los dioses por culpa de Sócrates. (*Neph.* vv. 1476 - 1477)

Fidípides sofre unha metamorfose cando entra no Caviladeiro. Como toda persoa nova, é facilmente manipulable e queda admirado pola sabiduría de Sócrates e dos seus discípulos, aos que ao principio da obra despreza⁹.

SÓCRATES: un dos aspectos que máis chama a atención nas Nubes de Aristófanes é o retrato que éste fai de Sócrates, un personaxe histórico do que temos abundantes referencias nas obras dos seus discípulos Platón e Xenofonte.

Aristófanes pinta a unha especie de sabio extravagante que ocupa o seu tempo en estudos relacionados coa Natureza¹⁰ e os fenómenos celestes¹¹, especialista en enredar os argumentos para que a verdade pareza mentira e viceversa¹²; considera que as divindades do Olimpo non existen, e que as únicas deidades verdadeiras están na Natureza¹³. O Sócrates de Aristófanes cobra polas súas ensinanzas e corrompe á xuventude¹⁴, ata o punto que fai que Fidípides considere xusto o pegarlle a un pai ou a unha nai.

Está visión que nas Nubes se nos da de Sócrates contrasta de forma evidente coa de Platón ou Xenofonte. Estas son algunhas das cousas que Xenofonte deixou escritas con respecto ao seu mestre:

Lonxe de disertar, como tantos outros, sobre toda a Natureza, lonxe de investigar a orixe do que os sofistas chaman "Mundo", e as causas necesarias que deron orixe aos corpos celestes, demostraba a tolemia dos que se entregan a tales especulacións. (Xen. Mem)

No se lle botará en cara tampouco inspirar a avaricia aos seus amigos, pois, ao mesmo tempo que os curaba das demais paixóns, educábaos no desinterese, e non recibía honorario ningún polas súas leccións. (Xen. Mem.)

De que se lle pode, logo, acusar? De non adorar aos deuses, como dixeron no xuízo? Pero é evidente que non houbo ninguén máis relixioso que él. De corromper á xuventude? Outra mentira do acusador. Está probado que destruía as paixóns funestas dos seus discípulos, que lles facía amar o Ben. (Xen. Mem.)

Para entender esta contradición hai que ter en conta que o que Aristófanes fai é unha caricatura destinada a facer rir ao seu auditorio. Probablemente a Aristófanes non lle interesaba retratar fielmente a personalidade de Sócrates, co que parece ser que tiña trato. O seu obxectivo era dar unha visión burlesca da multitude de filósofos que naquel tempo impartían as súas clases en Atenas. É verdade que entre eles había moitos que negaban a existencia dos deuses olímpicos e que se preocupaban fundamentalmente dos fenómenos naturais, e tamén había outros, os chamados "sofistas", que se fixeron famosos por ser os primeiros mestres que cobraron polas súas clases e tamén pola súa defensa do "relativismo", é dicir, por negar a existencia da Verdade absoluta, por pensar, como Fidípides, que a Lei non é algo que proceda dos deuses, senón que está feita polos homes, e que, como tal, pode ser

⁹ FID.: ¡Bah! Pura chusma, los conozco. Los que dices son sólo unos bocazas de faz pálida, que andan sin sandalias. De ellos son el desdichado Sócrates y Querefonte. (*Neph.* vv. 102 - 104)

¹⁰ DISC.: Sócrates preguntó hace un momento a Querefonte cuántas veces salta una pulga lo que miden sus patas. (*Neph.* vv. 144 - 145)

¹¹ SOC.: Camino por el aire y cavilo respecto al sol. (*Neph.* v. 225)

¹² SOC.: No es de cuestión de ablandarse, sino de cubrirse la cabeza para pensar, pues has de encontrar una idea fraudulenta que te permita escaparte. (*Neph.* vv. 727 -729)

¹³ SOC.: ¿Qué Zeus? No digas tontunas, no hay Zeus. (*Neph.* v. 367)

¹⁴ ESTR.: Si se les paga dinero, enseñan a ganar, hablando con la razón o sin ella. (*Neph.* vv. 98)

modificada atendendo ás circunstancias¹⁵. Como dicía Protágoras de Abdera, "o home é a medida de todas as cousas".

Probablemente Aristófanes meteunos a todos no mesmo saco, xa que é difícil pensar que os cidadáns comúns de Atenas distinguisen as sutís diferenzas que había entre eles. Se escolleu a Sócrates como blanco das burlas foi probablemente porque era o máis famoso de todos, e porque os seus concidadáns xa debían velo como un personaxe ridículo que andaba descalzo polas rúas perdendo o tempo con cousas que a ninguén lle importaban, como a sabiduría ou a xustiza.

O CAVILADEIRO: no Caviladeiro (φροντιστερίον) vive Sócrates cos seus discípulos. Entre todos forman unha especie de secta que idolatra ao seu mestre e que perden o tempo estudando cousas tan "absurdas" como Astronomía, Xeometría ou Ciencias Naturais. Representan todo o contrario de Estrepsiades, preocupado sobre todo polo seu estómago e polo seu diñeiro. O intento de achegamento entre os dous mundos resulta catastrófico e ao final Estrepsiades préndelle lume ao Caviladeiro cos seus habitantes. Neste senso, hai que lembrar que algúns filósofos que vivían en Atenas foron represaliados polas súas ideas: Anaxágoras e Protágoras foron expulsados da cidade por impíos; o propio Sócrates foi condeado a morte por corromper á xuventude e por introducir deuses novos.

O CORO: nas comedias de Aristófanes, o coro está sempre do lado do protagonista. Nesta obra, aínda que ao principio da obra parece que tamén é así, descubrimos ao final que desempeña o papel contrario. O Coro é neste caso un aliado á hora de conducir a Estrepsiades hacia o mal camiño coa intención de darlle un escarmento¹⁶.

4.3 O tema das Nubes

O tema central das Nubes é o da educación. Aristófanes pretende demostrar as consecuencias funestas dunha educación baseada no estudo da oratoria e da retórica, que era a que estaba de moda na democracia ateniense. Concedíasele unha enorme importancia ao feito de ser capaz de convencer mediante a palabra a un auditorio, xa fose nun xuízo ou nunha assemblea política. A verdade non era tan importante como os argumentos que se empregaban para defendela. Moitas voces se levantaron en contra deste excesivo relativismo que moitas veces acababa en demagogia. Probablemente Aristófanes atopábase nese grupo.

Tamén hai unha crítica ao pensamento científico que puña en cuestión a relixiosidade tradicional. Desde o século VI a.C., no que os filósofos de Xonia deran o paso do mito ao *logos*, eran moitos os pensadores que consideraban absurda a relixión tradicional e a visión antropomórfica dos deuses. Xa dixemos que os xuízos por impiedade foron habituais.

Frente a esta educación "moderna", representada na obra pola Razón Inxusta e os inquilinos do Caviladeiro, Aristófanes opón a educación antiga, baseada na educación física e no respecto ás leis e costumes dos antepasados. Este é o tipo de παιδεία que defende no agón a Razón Xusta.

¹⁵ FID.: ¿No fue un hombre como tú y como yo el que estableció en tiempos esta ley, convenciendo a los de entonces con palabras? ¿Por qué no me va a estar a mí permitido imponer una ley nueva, según la cual, en lo sucesivo los hijos puedan pegar a los padres (*Neph.* vv. 1421 e ss.)

¹⁶ CORIF.: Es lo que hacemos siempre que reconocemos a alguien ansioso por cometer acciones reprobables, hasta que lo sumimos en la desgracia para que aprenda a sentir temor de los dioses. (*Neph.* vv. 1458 - 1461)